

## PROGRAMA ESCOLAR

MARTES, 6

### A familia unida

MIRCROMINA TÍTERES

Cromina, logo de ser pai, confronta a súa natureza festeira coa seriedade necesaria para optar a unha oferta laboral vitalicia. Unha reinterpretación das obras clásicas de luva na tradición de *Punch*, *Pulcinella* e o *Bululú*, con inimigos como a autoridade, a paternidade, o dragón ou a morte.

- 🕒 10:00 \_ 📍 CEIP A Igrexa-Calo \_ 👤 Alumnas/os de E.I
- 🕒 12:30 \_ 📍 Auditorio Constante Liste \_ 👤 Alumnas/os de E.I

XOVES, 8

### Angelita

TACTILICUÄ (CATALUÑA)



Usando as técnicas e as rotinas propias do títere de cachaporra, o espectáculo relata a evolución persoal dunha muller que descobre que o matrimonio non é garantía de felicidade.

- 🕒 12:30
- 📍 Auditorio Constante Liste
- 👤 Alumnado de 5º e 6º de primaria

VENRES, 9

### Todos ao balcón

VIRAVOLTA TÍTERES



Todos o balcón!! trata de recoller a tradición do teatro de títeres popular europeo. Nun retablo como os que se contemplaban nas festas e feiras, que achegaban a través da cachaporra a crítica ao poder tanto eclesiástico como civil, viaxamos pola cultura europea. A cachiporra é unha parte máis do corpo de *Pulcinella*, personaxe da *Commedia dell'Arte* que se estende por toda Europa emparentando ao *Punch* inglés, o *Don Cristóbal* español, o *Pericu* catalán, o *Dom Roberto* portugués... e o *Barriga Verde* galego. En Todos o balcón! aparecen os arquetipos que percorren o teatro de monicreques popular. O Padre (cura), Don Acacio (o indiano retornado), Paulino (poli-cía), Teódulo (alcalde, representante da autoridade), Veleutina (a moza)... Tanto os diálogos como as accións móvense en tempo allegreto nun pequeno retablo de marionetas de luva e nunha estilizada escenografía.

- 🕒 13:00
- 📍 IES de Teo
- 👤 Alumnado de 4º da ESO

## PROGRAMA XERAL

DOMINGO, 4

### Auga que non vas beber

FANTOCHES BAJ



Con moita música, Inacio e Almudena transportarannos, de forma divertida e con fino humor, ao terreiro das aventuras e desventuras amorosas do Xosé e a Carolina baixo a libidinosa tutela do padre Bastián, cura de Agolada. Unha ducia de cancións do patrimonio musical latinoamericano vanse integrando na trama e serán cantadas en directo polos dous actores e acompañadas por Almudena Vidal coa guitarra, o cavaquiño, a viola e unha variedade de percusións como a pandeireta, o adufe, a lata de pemento picante, o reque-rreque e o bombo. Entre as cancións que se representan están “A Saia da Carolina”, “O sermón do padre Bastián” e “O cura está malo”, máis tamén: “O enigma dos tres ovos”, “Portuguesaña”, “Nana para un amante”, “Os boiciños”, “O romance do muiñeiro”, “Para Vigo me voy” ou “Auga que non vas beber”.

- 🕒 18:00
- 📍 Local da Asociación A Mámoa. Iglesia, 18 - Luou
- 👤 A partir de 14 anos

MARTES, 6

### A familia unida

MIRCROMINA TÍTERES

Cromina, logo de ser pai, confronta a súa natureza festeira coa seriedade necesaria para optar a unha oferta laboral vitalicia. Unha reinterpretación das obras clásicas de luva na tradición de *Punch*, *Pulcinella* e o *Bululú*, con inimigos como a autoridade, a paternidade, o dragón ou a morte.

- 🕒 18:00
- 📍 Local da Asoc. Recreativa e Cultural Os Tilos. Os Tilos
- 👤 A partir de 14 anos

VENRES, 9

### Barriga Verde ataca de novo

TÍTERES ALAKRÁN

Un feirante de roupa, desesperado polas nulas ventas, vese sorprendido pola aparición dun empresario de sona mundial, que lle merca todo o xénero, tenderete incluído. O empresario dase de conta de que o tenderete é unha vella estrutura teatral que lle evoca a súa infancia nas romarías galegas, e adquireo en troques de que lle faga a representación do mítico *Barriga verde*. Títeres Alakrán reinterpreta a obra clásica cun único manipulador e recupera o tradicional emprego da palleta para lle pór voz aos personaxes.

- 🕒 18:00
- 📍 Local da Soc. Recreativa San Xoán de Calo. Igrexa, 12, Calo
- 👤 Todos os públicos

SÁBADO, 10

### As varietés do Barriga Verde

CONDUCIDO POR IRIA PINHEIRO + CAXADE



Titiriberia aposta por reconstruír, desde unha óptica actual, o espectáculo que a familia Silvent realizaba na súa barraca de xeito previo á representación da obra de Barriga Verde. Canción melódica, malabares, equilibrismo e números de clown sucederanse nun ambiente de cabaret, nun espectáculo orientado a público adulto que se presentará na véspera da Feira de Francos e na propia carballeira da feira. Con el, preténdese a un tempo recrear o ambiente da barraca que a familia Silvent moveu polas feiras galegas durante a primeira metade do século XX, e incluír unha actividade cultural na véspera da feira de Francos. **O espectáculo estará conducido pola actriz e cantante Iria Pinheiro, acompañamento dos músicos Alonso Caxade, Joam Casas e Pablo Nogueiras e actuacións de Monicreques de Kukas, Diego Anido, Arturo Nono, Títeres Alakrán, Tanxarina Títeres e Mircromina.**

- 🕒 21:30
- 📍 Barraca na Feira de Francos
- 👤 Público adulto

DOMINGO, 11

### Animación de rúa

TÍTERES ALAKRÁN E SEIDEDOS MARIONETAS TRADICIONAIS

A recrear os espectáculos de porta que a familia Silvent facía na entrada das súa barraca para chamar o público, un grupo de artistas animará a feira de Francos e chamará pola participación das persoas asistentes. Un zancudo, o cego coas súas coplas ou o pallaso farán do campo da feira un lugar de divertimento.

- 🕒 A partir das 11:00
- 📍 Feira de Francos
- 👤 Todos os públicos

### Dona Barriga Verde

LARRAITZ PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS



A actualizar o legado da tradición galega, a titiriteira Larraitz Urruzola achega unha nova versión ao personaxe tradicional. A nova montaxe, *Dona Barriga Verde*, que se estreará en primicia durante a edición do 2018 do festival, supón unha actualización das formas e dos xeitos do clásico títere de cachaporra, cunha protagonista feminina que sen perder os gags clásicos, revisa os roles de xénero e os estereotipos desta tradición. A *Asociación Cultural Morreu o Demo* colabora neste proxecto.

- 🕒 12:00
- 📍 Barraca na Feira de Francos
- 👤 Todos os públicos

Titiriberia chega á súa terceira edición cunha aposta reforzada pola Feira Cabalar de Francos como eixe. Ademais das múltiples funcións na barraca, un espectáculo de variedades de produción propia acompañará a festa nunha xeira na que tamén se incrementa a integración do festival coas asociacións do concello de Teo. Ademais, aborda desde diferentes perspectivas a cuestión de xénero: Un obradoiro, unha función para público escolar ou a mesa redonda sobre muller e títeres tradicionais fan parte dun programa no que se estrea a primeira versión de Barriga Verde con protagonista feminina.

Novas lecturas que buscan achegar ao público a tradición de títeres europea e galega, reivindicada como patrimonio cultural e apostar polas feiras como espazos populares de entretemento..

#### MAIS INFORMACIÓN

📄 [www.barrigaverde.eu/cms/titiriberia](http://www.barrigaverde.eu/cms/titiriberia)

📷 @morreuodemo 📌 [www.facebook.com/titiriberia](https://www.facebook.com/titiriberia)

morreu



demo

70

CONCELLO  
DE TEO



Deputación  
DA CORUÑA

DOMINGO, 11

## Teatro Dom Roberto

SAMARIONETAS (PORTUGAL)



A veterana compañía portuguesa, tendo tido o privilexio do contacto directo co Mestre António Dias, un dos últimos fantocheiros populares portugueses, recreou, a partir do seu testemuño, dúas pezas, "O Barbeiro" e "A Tourada". Mais recentemente, e procurando preservar esta forma de arte tradicional, a compañía recuperou tres pezas máis do repertorio de Teatro de Robertos: "A Rosa e os tres Namorados", "O Castelo dos Fantasmas" e "O Saloio de Alcobaça". Todas estas pezas serán representadas durante a feira de Francos, un dos espazos típicos de representación desta forma tradicional de teatro.

- 🕒 Funcións de mañá e de tarde
- 📍 Barraca na Feira de Francos
- 👤 Todos os públicos

## Storie di Pulcinella

LISA BENCIVENNI (ITALIA)



Seguindo a tradición napolitana do teatro de bonecos de rúa, Lisa Bencivenni presenta a súa reinterpretación do "guarattelle", con *Pulcinella* como vehículo para "rir dos medos, da precariedade e exorcizar a violencia". Bonecos de material reciclado permítenlle a esta titiriteria tratar con humor temas como a morte, a natureza, o poder ou a relixión.

- 🕒 Funcións de mañá e de tarde
- 📍 Barraca na Feira de Francos
- 👤 Todos os públicos

MESA REDONDA

VENRES, 9

## A muller nos títeres tradicionais

A coincidir coa estrea da primeira versión de Barriga Verde con protagonista feminina, Titiriberia aproveita para reflexionar sobre o papel da muller nos títeres tradicionais. Ao igual que noutros campos da tradición, tamén nesta arte popular se deu a repetición de estereotipos sobre o xénero e o papel o comportamento da muller. Nese sentido, a necesidade de reflexionarmos e reconstruírmolos as mensaxes que a este respecto se achegan deste os títeres tradicionais aparece como algo fundamental para avanzar na recuperación dos mesmos. En paralelo, cómpre reivindicar o papel das mulleres no mundo dos títeres. O ocultamento da persoa que manipula detrás dos teatriños ten facilitado a asunción de que todos os titiriteiros eran homes. A redescuberta de figuras como Julia Silvent, que manexaba os bonecos de Barriga Verde na zona de Monforte e Ourense, abre novas vías neste sentido.

Profesionais dos títeres e das artes escénicas, Larraitz Urruzola, Cristina Collazo e Isabel Rei, moderadas pola investigadora Comba Campoi, abordarán estas cuestións.

- 🕒 20:00
- 📍 Mediateca do Grilo, Cacheiras
- 👤 +16 anos

OBRADOIROS

XOVES, 8

## Títeres en igualdade

A partir dunha peza de títeres de cachaporra, preséntase unha situación de desigualdade e un conflito que se resolve de xeito violento. Os/as participantes deberán reflexionar sobre as posibles solucións non violentas para dito conflito. As solucións quedarán plasmadas en pequenas pezas que serán representadas cos monicreques que as persoas participantes constrúan con materias de refugallo moi sinxelos.

- 🕒 16:30
- 📍 Centro de día de ASPAMITE / Travesía das Galanas, 71 - Calo
- 👤 Adultos do centro de día de ASPAMITE

DOMINGO, 11

## Monicreques de luva con material de refugallo

Neste obradoiro cada participante elaborará unha marioneta de luva con materiais que en moitos casos estaban destinados a rematar no lixo. A dinámica do obradoiro será a dun taller aberto, é dicir, durante o tempo da actividade as crianzas poderán achegarse libremente a facer a súa marioneta. Os/as monitores/as apoiarán o traballo dos nenos/as, guiándoos nos aspectos técnicos pero respectando a súa creatividade.

- 🕒 11:00
- 📍 Feira de Francos
- 👤 +5 anos, acompañados por un adulto, previa inscrición

PROGRAMACIÓN

# TITIRIBERIA

OLLADAS SOBRE OS CRISTOVOS

3<sup>ed</sup> . 4 AO 11 DE NOVEMBRO 2018 . TEO

